



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 05 DE OUTUBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO(GRUPO MIXTO)

D. Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 05 de outubro de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, boas tardes ó público e benvidos. Antes de nada céddolle a palabra á señora Secretaria porque quere facer unha serie de aclaracións e puntualizacións.

A sra. Secretaria toma a palabra: Boas tardes, con carácter previo recordar o tema que xa falamos cos voceiros dos grupos políticos sobre o envío das mocións e intervencións perdón, por correo electrónico para facilitar a elaboración das actas. En segundo lugar preséntase polo Grupo Mixto- Compromiso por Barbadás e por Democracia Ourensana, tres documentos que tecnicamente non teñen o carácter de mocións senón de rogos, fáltalles, eu podo darlles a explicación que necesiten en Secretaría individualmente, pero fáltalles a proposta de acordo, polo tanto serán tratadas como rogos realizados ó Alcalde ou grupo de goberno. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Algunha consideración sobre isto?

1- PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO EDIFICIO EMPRESARIAL TRANSFRONTEIRIZO

O sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é o establecemento dun prezo público pola utilización do edificio empresarial transfronteirizo. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): A anterior taxa que figuraba neste Concello que regulaba a utilización das instalacións do centro empresarial transfronteirizo que son do ano 2013 recollía unicamente como espazos comúns sen facer diferenciación entre o que é o salón de actos e a aula de informática, e o que son as oficinas que están alugadas a diferentes asociacións empresariais, incluso ó grupo de desenvolvemento rural da Comarca de Ourense. Entón o que fixemos foi desagregar o que é o uso do salón de actos e aula de informática que pasará a ter unha taxa de prezo público de 10,43 €a hora IVE incluído, e por outra bando os prezos das aulas restantes que serían estas que serían como un aluguer anual do Centro Empresarial Transfronteirizo e que terán un prezo de 10,43 € por mes, por metro cadrado. Este acordo tráese a Pleno porque os anteriores acordos de aprobación de taxas e de prezos públicos facíase en Xunta de Goberno que eran onde estaban delegados, o novo goberno municipal isto non o ten delegado na Xunta de Goberno, polo tanto ven a Pleno.

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Algunha intervención?. Grupo Mixto, Democracia Ourensana, Partido Popular. Pois sométese a votación este punto da orde do día. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “ **Prezo público pola utilización do Edificio Empresarial Transfronteirizo**”



2- DECLARACIÓN MUNICIPAL DE SERVICIOS PRIORITARIOS. DOUS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día é a declaración municipal de servizos prioritarios dous auxiliares de axuda no fogar. Simplemente dicir, despois ten a palabra o voceiro do goberno, que neste caso é o señor Serafín Núñez que é un servizo destinado a ser apoio para persoas maiores e deterioradas, actualmente hai onde auxiliares de axuda no fogar con 66 usuarios, existe unha necesidade para ampliar este servizo. Ten a palabra Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben, como dicía o señor Alcalde o número de traballadoras do servizo de axuda no fogar é no día de hoxe no servizo é de once, dicir que había dez ata o 2014 e que este ano aumentamos nunha traballadora máis debido pois evidentemente á gran demanda que ten este servizo. Comentaba na Comisión Informativa tamén que efectivamente hoxe temos, o outro día daba un dato, pero está ampliado, hoxe na actualidade temos 25 usuarios e usuarias que teñen gran nivel de dependencia recoñecido por lei, polo que hai obrigatoriamente prestarlles un servizo e teñen unha media de asistencia diaria de dúas e media horas de prestación de servizo diaria, e dicir que estes usuarios van progresivamente en aumento. O resto dos usuarios son de prestación básica, que non teñen recoñecido digamos este grado de dependencia, pero que precisan dunha axuda máis ou menos diaria para apoialos en determinadas tarefas domésticas, como comentaba o señor Alcalde son evidentemente persoas maiores que precisan deste servizo e que evidentemente levan anos como usuarios deste servizo de atención ó fogar e que polo tanto precisan desta atención digamos que xeran como unha especie de cronicidade de dependencia non desexable pero que efectivamente se xera unha dependencia dun usuario con respecto á prestación dun servizo, é dicir, podíamos resumir que efectivamente precisan deste servizo para o seu “modus vivendi” do día a día. As once traballadoras como dicía realizan unha xornada completa teñen con cargo o 53% do salario digamos das retribucións do que cobran ó longo do ano, o 53% ven con cargo a distintas subvencións, subvencións que veñen do Plan concertado da Xunta. Dicir que este ano pois temos dende o mes de marzo 1.782 € máis concedidos tamén neste Plan concertado da Xunta, porque nos aumentaron as horas de dependencia, se aumentaron 156 horas de dependencia, teño informes aquí de técnicos da casa, que informan efectivamente destas cuestións e que tamén dende o mes de setembro pasado teremos que sumar 655 € máis que nos subvencionan tamén dende a Xunta, entón evidentemente falamos de o gasto total do servizo ronda os 160.000 € e o que é 53% vai con cargo a estes distintos tipos de subvencións e a diferenza evidentemente con cargo ós orzamentos municipais deste Concello. Se



faláramos de cantidades non vou a entrar en máis cifras, pero pensar que efectivamente os usuarios tamén do servizo pois aportan unha cantidade que rolda os 11.000 €ano que evidentemente tamén van para este tipo de cuestións, estes usuarios pagan esta cantidade en función da ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo. Dicar que aumentamos o número de traballadores, traballadoras neste caso, cubrimos e damos un servizo máis acaecido e tamén se aumentan as subvencións recibidas polas distintas administración. E o que teño que dicir ó respecto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señor Serafín Núñez. Señor Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Simplemente unha pregunta, o servizo que vai a pasar de 11 a 13, ou segue con 11 persoas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Despois na quenda de respostas, contéstalle. Voceira de Democracia Ourensana. Voceira ou voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todas e a todos. Como non podería ser doutro xeito, dende o Partido Popular de Barbadás sempre se apostou e así o seguiremos facendo por mellorar a calidade de vida dos nosos conveciños e conveciñas, e moi especialmente no tocante ó coidado de atención desas persoas que durante boa parte da súa vida tamén coidaron de todos nós, estou a falar pois da xente maior e tamén doutro tipo de persoas que polas circunstancias da vida pasaron tamén a ser dependentes. Parte fundamental para conseguir ese benestar nunha parte tan importante da poboación pasa por ter uns servizos sociais axeitados, e un equipo de atención domiciliaria SAF, preparado e amplo en número de traballadoras que cubra a maior parte da poboación do noso Concello, gran parte das axudas económicas para elo así o esixen tanto da Xunta de Galiza coma da Deputación, cómpre destacar este importante apoio económico, polo tanto nós imos a votar a favor desta moción. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez para responderlle ás intervencións anteriores.

O sr. Núñez toma a palabra: En relación co que preguntaba o voceiro do Grupo Mixto, eu na Comisión Informativa creo que xa o expliquei, hoxe a verdade é que non entrei no tema, o número de traballadoras queda en 11, hai dúas traballadoras deste número que estaban por unha subvención, que remata esa subvención a 31 de decembro, entón digamos a contratación que se fai e para substituír a estas dúas traballadoras, polo tanto o número se mantén igual, queda en 11.

O sr. Alcalde toma a palabra: Algunha intervención, pois procedemos á votación. Votos a favor. Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:



“Declaración Municipal de servizos prioritarios. Dous auxiliares de axuda no fogar.”

3- ACORDO DE COMPROMISO DE POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS Á DEPUTACIÓN.

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto da orde do día é o acordo de compromiso de posta a disposición dos terreos á Deputación. Neste caso estamos falando das fincas afectadas na zona de As Escorregas que están incluídas no Plan Provincial de Cooperación 2015, na documentación que se lles achegou a todos vostedes, figuran as fincas que están afectadas. Ten a palabra a voceira de urbanismo neste caso Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Vou tratar de explicar brevemente en que vai consistir todo o proceso e os pasos que se deron. A Deputación inviste 50.000 € a través do Plans Provinciais na supresión de curvas na zona de As Escorregas e o único requisito que se lle esixía ó Concello era a posta disposición dos terreos necesarios. Trátase como saben vostedes de catro parcelas que suman 865,6 m², e este acordo de expropiación e o acordo de necesidade de ocupación foi a consecuencia de que se buscou na identificación de catro propietarios das parcelas afectadas por este proxecto e só conseguimos contactar con dúas destas persoas, unha destas persoas mostrou ó principio reticencias a ceder o terreo mediante un acordo, mentres que o outro propietario sempre se mostrou disposto a negociar, así as cousas, e tendo en conta que unha das parcelas a número 130 do polígono 27, figuraba en catastro coa denominación “en investigación” e que a parcela 272 do polígono 26, figuraba a nome dunha persoa a quen non se consegue localizar porque din que ese nome non se corresponde con ninguén o goberno co asesoramento da Secretaria decidiu pasar ó proceso de expropiación. Finalmente parece ser que unha das propietarias está disposta a chegar a un acordo de compra-venda co Concello, e que ten a intención de demostrar precisamente a propiedade desa parcela 272, polo visto o outro propietario do terreo asegura tamén ter documentos que acreditan que é dono da parcela que estaba en investigación, e tendo en conta que nas últimas semanas conseguiron así cadrar as pezas da titularidade dos terreos e agora resulta que só hai en principio dous propietarios todo fai prever que se chegue a un acordo para fixar o xustiprezo. O que di a Lei do 16 de decembro do 1954, é que para a determinación do valor de compensación, aténdese ó valor obxectivo do expropiado nun primeiro momento ambas partes poden chegar a un mutuo acordo sobre o importe do xustiprezo e se ós 15 días de terse pechado o trámite da declaración da necesidade de ocupación e ter informado ó interesado ou interesada, beneficiario ou expropiado ou expropiada non son capaces de



convir unha cantidade iníciase a etapa de valoración contraditoria. Antes de pasar á seguinte fase temos a previsión de que se chegará a un acordo coas partes entón non se completará o proceso de expropiación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Intervencións Ramón, por favor, non. A voceira de Democracia Ourensana. Voceiro do Partido Popular. Ten a palabra señora Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todas e a todos. Grazas pola explicación a Victoria Morenza, soamente quedou un dato por dicir, a explicación estivo perfecta pero esta subvención foi pedida polo Partido Popular no anterior mandato, e que agora loxicamente vostedes téñeno que poñer a disposición os terreos, pero que quede iso claro, que foi o anterior grupo de goberno quen pediu esta subvención para arranxar esa curva tan perigosa que temos, así como outras actuacións no Concello que quero dicir que o grupo de goberno está vivindo de rendas neste momento durante estes 100 días como vostedes explican nos periódicos, digan a verdade, e é pistas de pádel a través da subvención da Deputación e subvención da Xunta, aí están a disposición dos veciños de Barbadás, e como outras moitas cousas que hai que explicar, que digo que seguen vivindo de rendas do Partido Popular e do anterior goberno. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Concelleira.

A sra. Morenza toma a palabra: Eu só teño que dicirlle á señora Consuelo Vispo que evidentemente o Partido Popular fixo a súa xestión, os Plans provinciais xestiónaos o goberno que está en cada momento en cada un dos 92 Concellos, en cada un dos 91 Concellos da provincia, e forma parte da xestión cotiá, entón non entendemos a quen ven agora isto, sacar este tema así agora, non o acabamos de entender. Evidentemente sabemos todos que vostedes estiveron gobernando durante 28 anos, que conseguiron pistas de pádel, que conseguiron un centro de saúde nun outeiro, e que conseguiron tantas outras cousas, non necesitan lémbra-los en cada paso que damos, isto forma parte da xestión dun goberno, do día a día.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. ¿Algunha intervención?, pois sométese a votación o punto de acordo de compromiso de posta a disposición dos terreos á Deputación, votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Acordo de compromiso de posta a disposición dos terreos á Deputación”



4- EXPROPIACIÓN NA ZONA DE AS ESCORREGAS

A) Acordo de expropiación.

O sr. Alcalde toma a palabra: O cuarto punto da orde do día é a Expropiación na zona de As Escorregas, que se compón de dous puntos, de dous aspectos, o acordo de expropiación en si, e o acordo da necesidade de ocupación, son dous puntos consecuencia do acordo de compromiso de posta a disposición dos terreos á Deputación penso que a Concelleira de Urbanismo explicouno perfectamente, non sei se quere volver a intervir, e se hai algunha intervención por parte dos outros grupos que compoñen este Pleno. Pois sométese a votación a primeira parte que é o acordo de expropiación. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Acordo de expropiación: 1- Acordar a iniciación do expediente de expropiación dos bens necesarios para a execución do proxecto denominado “primeira fase ampliación estrada OU-160, Rosales-OU 518” aprobado, en Xunta de Goberno de data 4 de agosto de 2015.

2- Ter por declarada a utilizade pública das obras mencionadas, ao figurar incluídas en Plans Provinciais de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial 2015

3- Aprobar a necesidade de ocupación dos terreos incluídos na seguinte relacións de bens e dereitos afectados pola expropiación que a continuación se detallan:

Parcela 272 del polígono 26 con R.C. 32009A02600270000UI.

Parcela ubicada en Suelo Rustico de Protección Forestal y en Zona de Policía de Cauces y Riberas.

Propietario: D. Avelino Rodríguez Congil.

Dirección: Barbadás, Ourense.

Superficie total de la parcela: 2.478m².

Superficie afectada: 415,15m².

Parcela 273 del polígono 26 con R.C. 32009A026002730000UJ.

Parcela ubicada en Suelo Rustico de Protección Forestal y en Zona de Policía de Cauces y Riberas.

Propietario: D. Venerando Prado Guede con NIF: 34380421K.

Dirección: Travesía de Viso 15, A Valenzá.

Superficie total de la parcela: 5.451m².

Superficie afectada: 49,80m².



Parcela 296 del polígono 26 con R.C. 32009A026002960000UO.

Parcela ubicada en Suelo Rustico de Protección Forestal y en Zona de Policía de Cauces y Riberas.

Propietario: Flora Rodríguez Fernández con NIF: 34525999D.

Dirección: Ramón Cabanillas 11 B 4ºA.

Superficie total de la parcela: 1.445m².

Superficie afectada: 297,65m².

Parcela 130 del polígono 27 con R.C. 32009A02700130000UW.

Parcela ubicada en Suelo Rustico de Protección Forestal y en Zona de Policía de Cauces y Riberas.

Propietario: En investigación.

Dirección: En investigación.

Superficie total de la parcela: 153,00m².

Superficie afectada: 103,00m².

4- Seguir o procedemento expropiatorio de taxación individual en canto á determinación do xustiprezo das fincas e demais dereitos afectados.

5- Someter o presente acordo ó trámite de información pública de 20 días, aos efectos de poder ser examinados e presentar alegacións, para o cal deberá publicarse no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

6- Notificar o presente acordo ós interesados.

B) Acordo da necesidade de ocupación.

O sr. Alcalde toma a palabra: E o segundo aspecto é o acordo da necesidade de ocupación. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Acordo da necesidade de ocupación**”.

5- MOCIÓN DE PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE Ó CENTRO DE SAÚDE DE A VALENZÁ.

O sr. Alcalde toma a palabra: O quinto punto da orde do día é a moción do Partido Popular de



Barbadás para mellorar a accesibilidade ó centro de saúde de A Valenzá. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. González toma a palabra (PP): Boa tarde señor Alcalde e membros da Corporación. O Partido Popular de Barbadás segue a traballar en positivo, neste caso achegando iniciativas que melloren ó acceso dos veciños ó Centro de Saúde. Este tema politizouse por tres razóns a primeira delas A Valenzá sitúase nunha ladeira que mira cara ó río, isto fai imposible situar o centro de saúde a carón de todos os veciños, construílo onde o río faría subir e baixar pendentes á poboación, construílo onde a autoestrada faríalle subir e logo baixar, cara ó norte metémonos en Ourense, cara ó sur sería acercalo ó propio centro de saúde de Barbadás, ten pouco sentido, ademais habería unha distancia considerable para os veciños do final da avenida de Celanova, e habería tamén baixadas e subidas para os demais. Parece pois que o solar é tan válido como calquera outro. Segundo o grupo de goberno prometeu outro máis axeitado na campaña electoral, pero á hora da verdade non o tiña, xa que logo pedía tempo á Consellería para buscalo, e en terceiro lugar o acceso dos enfermos graves faise en tódolos centros de saúde con automóbil, e no caso de maior gravidade e carecer de aqueles, faise en ambulancias que o SERGAS pon a disposición da cidadanía a través do 061. Os enfermos menos graves poden acudir camiñando se teñen a sorte de vivir preto do centro de saúde, ou ben en transporte privado, ou ben en transporte público no caso de carecer de aquel. Con todo a accesibilidade pódese mellorar, isto é especialmente interesante nos casos da medicina preventiva para adultos e nenos, controis de tensión, recoñecementos, análises, etc..., non se lles facilita ambulancia, e ademais baixar pola rúa do Outeiro con un carriño de bebés, ou unha cadeira de rodas é perigoso. No Partido Popular somos conscientes destas dificultades como non podía ser doutra maneira, polo tanto, con motivo do inicio das obras do centro de saúde de A Valenzá, que lembremos foi promovido polo Partido Popular, queremos pór a disposición do Concello os estudos técnicos que xa tiñamos previstos. Queremos aportar medidas para que a accesibilidade ó centro sexa a mellor posible e deixe de ser un obstáculo para o grupo de goberno, lembremos que PSOE e BNG sempre contrarios a que Barbadás seguira avanzando en materia de Sanidade, opuxéronse á construción do centro polo emprazamento do solar. A idea sería facilitar o acceso ó novo centro de saúde por todas as vías posibles, neste intre se mo permite o señor Alcalde facilitámoslle uns planos que aclararíanlle un pouco a exposición posterior. Son uns planos que van con cotas, con distancias e con pendentes. Opción A, pola rúa das Burgas arranca dende o Froiz, preto do actual centro de saúde, cruza o paso de peóns, sobe uns metros pola beirarrúa e de seguido colle á esquerda pola vía do parque, esta vía xa está feita, habería que continuar coa rampla



pegada ós edificios da esquerda, na traseira da cafetería Kibu, panadería Tito, etc., para mellorar a pendente aproveitando o parque o máximo, segue despois pola traseira dos edificios da rúa do Outeiro ata entroncar coa vía peonil xa feita nese parque, saíndo fronte mesmo ó novo centro de saúde, son uns 136,80 metros de distancia cunha pendente dun 10,4%, como pode verse nos planos, se alguén ten dúbidas despois podemos aclaralas. Opción B rúa de San Bernabé, sería mediante tapiz rodante ou cinta transportadora que arranca dende o xardín a carón da Casa de Cultura, vai pegada á traseira dos edificios da rúa do Outeiro, levaría unha claraboia ou parasol de policarbonato para protexer das inclemencias do tempo, remataría na cota 9 a 217,72 metros enrocando coas opcións C e D, de aquí seguirían todas ata a cota 10 cunha pequena rampla ata os 19,20 metros que supón esta cota, en total son uns 136,80 metros de distancia con pendentes do 11,6% no seu total. A opción C Casa de Cultura, arrancamos dende casa de cultura e aproveitando o ascensor existente nela saímos na última planta, dende aquí coa construción dunha pequena pasarela accedemos á cota 9 sen ningún desnivel. Opción D rúa os Diestros, mediante unha escaleira mecánica que levaría emparellada un salva escaleiras para persoas discapacitadas arranca dende a rúa San Bernabé a carón da tenda MG estudio mobiliario, sobe ata a cota 15, 215,80 metros e de aquí por unha rampla que en parte xa está construída ate a rúa das Burgas. Opción E rúa do Viso, arrancamos dende a rúa de Celanova fronte o Alecrín, subimos rúa do Viso e pasamos ó Mercadona de aquí tamén aproveitamos o parque por debaixo da rúa dos Diestros que xa ten rampla construída ata a conta 15, 215,30 metros, despois rematar cunha pequena rampla que sería común para as opcións B, C e D, son uns 119,30 metros de distancia dende o Mercadona aproximadamente cunha pendente dun 10,01 %. Opción F un autocar, aproveitando a liña de autobuses e previa negociación coa empresa poderíase conseguir que o autocar subise pola rúa das Burgas e baixar pola rúa do Outeiro, ou ben continuar ata baixar pola rúa do Viso como se decida. Habería que modificar as direccións de tráfico e algún aparcamento para manobrar mellor o autocar sobre todo nas curvas, pódese bonificar o autobús á xente con mobilidade reducida ou nais con coches de nenos neste traxecto. En resumo o Grupo Popular propón as anteriores medidas que consideramos admisibles segundo os criterios da Lei actualmente en vigor de sostenibilidade así poderíase usar parte do remanente de tesourería que deixou o Partido Popular na anterior lexislatura, 925.000 € Son melloras baratas que aproveitan moito o que xa está feito, incluso aproveitamos o ascensor da Casa de Cultura que xa está feito e non custa, por todo isto acordamos, instar ó Goberno deste Concello e ós grupos da oposición para que deixando de lado disputas partidistas apoiem sen fisuras a nosa moción para o beneficio común dos nosos veciños, doutro xeito e se votasen en contra reservamos o dereito de



informar polo miúdo para que esta saiba claramente quen achega ideas de progreso para os veciños e quen presumindo de progresistas na realidade vota en contra delas. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do goberno señor Serafín Núñez. Perdón ten Ramón a palabra

O sr. Padrón toma a palabra: Boas tardes a todos. A iniciativa veciñal que representamos aquí, sempre tivemos claro dende hai anos que a situación que se estaba a prever dende o goberno do PP con maioría absoluta neste Concello non era a axeitada por tres motivos, primeiro polo custe de ter que facer muros, segundo pola accesibilidade case nula do lugar, terceiro polo reducido aparcamento para vehículos e incluso para o acceso do autobús urbano. Con respecto á moción que presenta aquí o Partido Popular, no primeiro parágrafo recoñecen que puxeron o solar a disposición da Xunta e que ten accesibilidade complicada para as persoas con mobilidade reducida e diríamos tamén para as que non teñen unha mobilidade tan reducida porque a pendente é considerable. Refírome aquí tamén agora a exposición que fixeron que as pendentes si, é un 10%, un 11% de cota total, pero empezamos cunha cota dun vinte tanto, despois imos, ou sexa, non é a pendente sempre un 10, senón que vai variando, entón iso se non, se hai que subir primeiro unha pendente dun 30, despois imos llaneando e tal, a accesibilidade é complicadísima igual, que despois no total sexa un 10%. No segundo parágrafo recoñecen que promoveron o centro de saúde, polo tanto, promoven un centro de saúde, poñen a disposición da Xunta uns terreos que sabían as complicacións que tiñan e agora tamén queren resolver os problemas que vostedes cando menos axudaron a crear, ou os que estaban antes de vostedes. Estamos de acordo no último punto de instar ó goberno novo que non ten responsabilidade na situación que se lle deu, se non me equivoco, a que resolva o problema de accesibilidade, pero isto xa se tratou nun Pleno creo recordar hai dous meses que botamos aquí bastante tempo falando sobre o tema do centro de saúde e o goberno comprometeuse a dar unha solución axeitada a esta complicación e cóstanos que están a traballar niso. Todo á vez que a construción do centro de saúde tardará cando menos un ano, hai tempo para barallar todas as opcións e escoller a máis axeitada, polo tanto, esperemos que o grupo de goberno nos informe ós voceiros dos grupos municipais buscando o noso consenso, antes de tomar calquera decisión e non cometa os mesmos erros do pasado de construír equipamentos públicas de costas ós grupos municipais e por extensión á cidadanía. Volvo a lembrar aquí un tema tan importante coma este que afecta a tódolos veciños e veciñas deste Concello como é un centro de saúde, que nas eleccións de maio entre o grupo con maior representación o PP e o menor Compromiso hai pouco máis de 1000 votos de diferenza, nun Concello de máis de 11.000 habitantes.



Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana): Boas tardes a todos. Quero dicir eu e a miña compañeira e o noso equipo pensamos que o que propón aquí o PP é burlarse un pouco dos veciños de Barbadás, porque é ben certo que ultimamente teño escoitado ós veciños e parécelle unha burla, porque xa que a situación dos terreos foi posta por eles, entón agora métenos o problema e queren vir de salvadores, paréceme raiar un cinismo moi grande, ou sexa, non estou de acordo con eles. Hai puntos que me parecen ridículos como por exemplo andar coa xente pola Casa de Cultura, coller un ascensor pola Casa de Cultura para ir a un centro médico, eu creo que si vai iso adiante eu creo que saímos nos informativos de España por ridículos, obsoletos e non quero poñer máis cualificativos despectivos cara esa proposta. Hai outra como é andar un autobús circular paréceme tamén fóra de sitio como ben sabedes todos A Valenzá temos un problema moi grande de tráfico e non lle vexo moita viabilidade andar cun autobús dando voltas subindo por unha calle, baixando por outra, penso que o goberno, os que estades gobernando agora mesmo gustaríame escoitar cal é a vosa idea que tedes xa que vai sendo hora de que nos expliquedes un pouco e non nos teñades co interrogante do que estades facendo. Queríalle preguntar ó PP se estes estudos que traen veñen abalados por algún informe técnico e se o supervisaron algúns técnicos municipais, porque propostas podemos poñer mil, teñen que ser propostas reais e efectivas, e non andar vendendo ó público solucións cando o problema veu deles, e isto dígoo porque nalgún momento tamén lle chamei a atención a algún concelleiro de aquí, por andar dando informacións ó pobo, e neste momento tamén lle chamo a atención ó PP, porque me parece moi cínico. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, miren señores e señoras do Partido Popular de Barbadás, para este voceiro hoxe aquí do grupo de goberno, a moción que traen hoxe aquí téñoa que cualificar, vou repetir un pouco a palabra que dixo hoxe aquí a voceira de Democracia Ourensana, como o máis grande acto de cinismo político que teñen levado a cabo vostedes recentemente nesta institución, eu creo que aí queda nitidamente resumido todo isto. Despois de 28 anos de alcaldías populares en Barbadás, de redactar normas subsidiarias nos anos 90, despois PXOM, de modificar estes PXOM e demais, na que reservaron sempre poño por caso en A Valenzá, que é hoxe a parroquia que nos ocupa, as antigas



zonas de cultivo, os viñedo onde se implanta hoxe, pois o AR-1 para levantar edificacións de baixo e 8 alturas, e deixaron para os servizos públicos o alto dos montes como sucede neste caso, o caso que nos ocupa dende logo non ten nome, porque vostedes son os responsables de todo isto, e hoxe queren vir aquí como de salvapatrias. Que hoxe veñan con estas propostas para tentar arranxar a desfeita hai que ter a cara, penso que moi grande, cando vostedes sempre plantexaron todo o plan urbanístico a mantenta para favorecer ós seus amigos os construtores. Miren, hoxe nin nunca tivéramos que estar aquí falando se vostedes reservaran os terreos pertinentes como acabo de referir, poño por caso o AR-1, ou na rúa do Paseo dos Amieiros nesta zona, que me estaba comentando o voceiro popular de que quedaba lonxe, preto de non sei onde, é unha zona chaira que permitiría o acceso practicamente con total comodidade a calquera veciña ou veciño da parroquia de A Valenzá ou de calquera parte do Concello, sería unha zona e poderán aí reservar, zonas para centros de ensino, instituto, centro de día, etc, etc..., e por exemplo o centro de saúde, aquí o único que temos é evidentemente baixos que foron cedendo os construtores porque por lei esixía que cederan unha porcentaxe á institución pública, é o único que temos neste Concello porque vostedes nunca se encargaron absolutamente de reservar absolutamente nada, non vou mirar para atrás para falar doutro tipo de cuestións de temas educativos, etc, etc..., porque sería máis do mesmo, se volvo ó Filomena Dato habería que ver como se fixo ese colexio, cando se fixo, e como se fixo, porque vostedes non reservaron nunca absolutamente nada para centros educativos e se conseguiu por protestas, por presión política e por presión veciñal, negociando con construtores e quedou un colexio absolutamente pechado, nunha zona que non tiña posiblemente que ir porque non estaba reservado o terreo porque vostedes nunca o fixeron, non vou a entrar nisto. Poderamos volver que efectivamente este equipo de goberno cando entrou no mes de xuño e creo que xa se falou aquí por activa e por pasiva se pediu unha moratoria de seis meses da administración autonómica para buscar un terreo acaecido, se nos dixo que nada nin nunca que se facía aí e xa, ou non se facía, evidentemente optamos na opción de non perder a instalación, de non perder a infraestrutura e de tentar facelo aí, porque seica que para o ano 2016 hai eleccións autonómicas e había que, agora hai a necesidade, agora Barbadás ten necesidades en sanidade, no 2014,2013,2012,2011,2010,2009,2008, aí non había necesidade, valía un almacén de patacas para meter alí a nosa xente. Mire eu, creo que modestamente, cando este Concelleiro fixo determinadas asembleas informativas en determinadas parroquias informando destas cuestións, doutro tipo de cuestións de traballo desta Concellería, falamos deste tipo de cuestións cos veciños, e eu creo que hoxe vostedes hoxe plantexan aquí alternativas que son do xénero, é ridículo, é dicir, pretenden usar o



ascensor da Casa de cultura e para que a xente ascenda, tirar tabiques, é dicir, absolutamente rebentar o que acaba de facer a compañeira Ánxela de facer un centro, facer dunha nova biblioteca infantil en Barbadás, e vostedes pretenden practicamente esnaquizar todo e abrir, é que non sei, o de vostedes é absolutamente de traca, eu realmente paréceme absolutamente burlarse da cidadanía, eu creo que xa non se burlan de ninguén porque eu creo que a xente xa sabe efectivamente o que temos, o que teñen con vostedes. Miren, este equipo de goberno tentará e está traballando para resolver o petate que vostedes non deixaron, logo, xa digo, logo de moitos anos de mentiras e despropósitos, nas que xa non vou nin entrar e que pretenden evidentemente crear, levar a cabo as infraestruturas precisas, cos informes que avalen os informes técnicos adecuados, para conseguir que efectivamente este centro de saúde que se vai situar neste terreo que vostedes reservaron, e que alguén cualificou de disuasorio, porque evidentemente é disuasorio o centro de saúde, porque para ir aí hai que estar bastante san, porque unha persoa que teña dificultades de mobilidade, un carriño dun bebé, vai ter dificultades evidentemente para acceder aí, entón estamos evidentemente traballando neste tipo de posibilidades que existan para suavizar as pendentes mellorar ramplas de accesibilidade suprimir barreiras arquitectónicas, barreiras e limitacións herdadas da súa política urbanística e non se buscou evidentemente unha solución de continuidade ós accesos de peóns e á xente con mobilidade reducida quedando espazos municipais e compartimentos estancos, véxase na rúa do Diestros, nas Burgas, en San Bernabé, na rúa do Viso. Remato, dende este grupo de goberno non, só imos dar solucións ós problemas de accesibilidade, senón que imos crear unha liña de continuidade entre rúas e edificios ó tempo que imos mellorar o entorno da rúa, de espaxamento e rematar coa urbanización, construción de beirarrúas, habilitar un paso peonil, creación de zona de aparcamento, para que esta solución englobe toda esta zona, é dicir, estamos traballando na liña de mellorar a desfeita que vostedes nos deixaron, e evidentemente votamos en contra desa moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Manuel quere intervir.

O sr. González toma a palabra: Dicía eu que a don Ramón dicirlle que o muro non lle preocupe moito que o paga a Xunta. O aparcamento teremos que arranxalo nós que para iso estamos e parte da xestión municipal, o aparcamento teremos que arranxalo nós tamén que iso que é competencia municipal non facer o centro de saúde. O das cotas do 10% non hai problema ningún en revisar as cotas que puideran estar ou non estar e falar cos técnicos municipais o que faga falta, porque é moi fácil de ver e no debuxo se pode apreciar, que se pode facer nalgunha delas que puidera ser pendente, incluso rebaixar esa pendente media do 10%, facer unha zeta para baixala máis, non habería problema



ningún, de todas permítese o 12% que é o que permite a normativa legal. E por último dicir que non hai que escoller, nós propoñémolas todas, son baratas, e realmente aquí os custos de inversión que se propoñen son francamente mínimos. En canto a dona Fina, dicirlle que ningún grupo foi capaz de poñer un solar a disposición, se o teñen vostedes como tamén prometeron no período electoral prometeron que o tiñan dígnolo. En canto á supervisión dos técnicos, si está abalado por un técnico, polos técnicos municipais non, pero poñemos a disposición para facilitar toda a documentación que poda ser necesaria. Ó señor Sarín no alto dos montes non se constrúe, porque aí tamén hai edificios recórdolle que aí fronte do centro de saúde hai edificios construídos e ben altos por certo, non é monte comunal, nin hai lobos, o resto son acusacións do pasado e teñen vostedes que superalas, eu xa lle dixen nalgunha ocasión superen ese pasado, viven na época antiga, non a dan superado. Ademais dicir que o terreo que tal, prometérono nas eleccións, prometeron que tiñan un terreo electoral a disposición que non saíu por ningures, non o teñen a disposición, levan oito anos na oposición e non foron capaces de buscalo, logo debe ser que non o hai. Mentiron tamén no programa electoral, penso que lle deben de dicir aquí hoxe á cidadanía e deixalo claro. En canto o da Casa da Cultura non se esnaquiza nada, hai que pedirilles que revisen con cariño eses planos que van con boa fe e non se esnaquiza nada, o único que había que facer nunha fiestra unha porta non habería moito máis esnaquiza realmente. En fin nada máis que engadir, eu penso que se se mira con cariño deberían de votar todos a favor, é unha proposta en clave de futuro, non en clave de pasado, vivir do pasado é curioso o que dicía antes a señora Victoria, cando se trata de recordar cousas boas do PP, pois parecen que están vostedes a gobernar, cando teñen dificultades o malo é de atrás do PP así non se pode seguir, levan xa uns cantos, xa pasaron os cen días, xa pasaron o período de proba, están vostedes gobernando, e nós estamos na oposición. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, por alusións, eu vou a falar só simplemente de a ver se arranxamos algo isto, porque falar xa de cousas, enredarse en cousas de antes agora xa está. Con relación ás cotas, hai cotas dun 20, 30, paseámonos ante todo isto, e botamos bastante tempo e a verdade é que a solución ten pouca. Hai cotas dun 20, 30 % que é imposible baixalas a un 10, porque baixamos a beirarrúa así, pegamos contra o muro, facemos un chanzo, imposible, e o que hai é o que hai, e o acceso que vemos máis fácil é dende o Mercadona toda aquela subida por alí arriba, que é un acceso por onde a xente utilizará máis a pe, porque é onde se sorteia a pendente é menor porque é un tramo moito máis largo, os outros accesos que hai son pendentes pronunciadísimas, ou sexa que aí, si



para que a xente deixala que pase por alí, como pode subir polas rúas non hai nada máis que facerlle, poñer escaleiras mecánicas é que xa non sei porque tapamos a entrada dos garaxes, non sei como vai poder ser iso, o autobús urbano vai ser outro cataclismo, porque ese autobús grande, entrar por aí, xirar por alí onde está agora o centro de saúde tense que abrir un pouco para xirar, que é un autobús moi largo, entón co que leva iso porque ten que invadir parte do carril contrario, e o mesmo digo ó chegar aí onde están as oficinas municipais, se xira aí, ou sexa, complicado, ou nos mandan un autobús máis pequeno que será o que terá que negociar o grupo de goberno, o da Casa da Cultura, xa se falou aquí nun Pleno anterior, que a Casa da Cultura querémola adicar a cultura, agora vamos a meter á xente toda polo un ascensor adiante, non sei, entón collamos e fagamos outra Casa da Cultura noutro sitio e adiquemos ese edificio a pasar a xente. Xa vemos que solucións hai moi poucas. Co tema dos muros que paga a Xunta, a Xunta tamén somos nós, tamén contribuimos ó presuposto da Xunta, e nada máis que dicir, propoñer iniciativas como dicía o outro día, poñemos un nove prazas alí enfronte do centro de saúde que hai hoxe, que faga o recorrido todo cada cinco minutos, que se volva a parar alí cando outra vez haxa xente alí que o colla, unha especie de tranvía, pero sen vías. Esperemos que o grupo de goberno como dixen antes faga un traballo cos técnicos que son os que teñen que dicirnos o que se pode facer, que á nosa vista moi pouca cousa se pode facer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana, dona Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Quería dicirlle ante todo Manuel que no programa noso en ningún momento falamos de que tiñamos un solar adicado para isto só dicíamos que había que buscar outro solar axeitado, porque iso era horroroso, algúns veciños do Concello de Barbadás, viron na televisión nun programa que gravamos nós cas nosas cámaras, onde eu, son unha persoa nova, unha persoa sa, constoume ben subir arriba, e incluso subimos cun carriño dun bebe, e era complicado, entón antes de dicir palabras da miña boca que eu non digo, cerciórese. Non vou a entrar en máis debates de mirar para o pasado porque eu é a primeira vez, levo tres meses aquí, entón non ten sentido seguir atacando, porque vostedes sós xa se descualifican propoñendo isto, eu o único que quero pedirlle o equipo de goberno, que nos informe un pouco das ideas que digades se as tedes, se realmente tedes xa algo mirado, algo plasmado, que nos vaiades informado, porque se hai que propoñer cousas eu tamén podo poñer a mira ó meu equipo a mirar solucións, pero eu primeiro prefiro que o equipo de goberno me diga que cal é o plan que ten e se é viable pois para adiante porque estas propostas catro para min non me convencen absolutamente nada é non é cuestión de caer ben un partido ou caer ben outro, é



simplemente de lóxica, e eu teño que convencer ós veciños do Concello de Barbadás. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Vou empezar polo tema do muro, mire que non ía en relación ca miña intervención, pero parece que ó voceiro do Partido Popular lle preocupa cando o diñeiro público é municipal e de cargo ós orzamentos municipais e non lle preocupa cando ven de outras institucións públicas, é dicir, o diñeiro público é todo, e todos contribuímos para ese fin, entón, é dicir, a min que o muro o pague a Xunta ou o pague “Rita la encantadora” é indiferente, é dicir, hai un gasto moi importante en relación con ese muro de contención que se podería ter evitado se a situación fose acaecida, fose nun lugar onde non fose pertinente facer ese tipo de muro de contención, como lle expliquei antes no AR-1 ou noutro tipo de áreas de reparto, se realmente houbera interese nisto, é dicir, como se o seu interese fose o contrario, en favorecer ós especuladores urbanísticos, ese foi o seu interese de sempre do Partido Popular durante 28 anos, e eu no miro para o pasado, mire nós hoxe estamos no presente neste caso que vostedes nos deixaron, é dicir, estamos traballando, e traballando cos técnicos, para buscar proxectos técnicos que nos permitan suavizar esas pendentes e mellorar a accesibilidade a un lugar que vostedes escolleron, non culpen ós demais das súas desfeitas, vostedes tiveron tempos e tempos para facelos e non o fixeron, vostedes buscaron un alto, un alto dun monte que evidentemente non hai lobos, nin lobas, pero é un alto dun monte, e que efectivamente se puido buscar outro lugar acaecido para este e para outros centros que vostedes nunca buscaron. Volver ás súas propostas, ós seus plantexamentos, de ascensores, de cando aquí a compañeira estaba buscando pór en valor a Casa da Cultura, e que sexa un lugar onde evidentemente a cultura de Barbadás e a cultura galega reborde e sexa un lugar de espaxamento para todo o mundo, vostedes quéreno converter na avenida de Celanova que a xente entra, é dicir, paréceme absolutamente ridículo, e o do bus tamén evidentemente, dando voltas para aquí para alí, é dicir, son propostas que eu creo que, con tódolos respectos a maior parte delas, eu acabo de ver agora o plano que non o tivemos ata este momento, pero me parecen absolutamente ridículas a maioría das propostas que propoñen, e que evidentemente non teríamos que estar aquí se vostedes situaran o centro no lugar onde fose preciso e onde fose axeitado para unha accesibilidade correcta para a xente que ten dificultades de desprazamento. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Antes de someter a votación este punto da orde do día, esta moción do Partido Popular, quero expoñer unha serie de consideracións. Non dubidamos da boa



fe do Partido Popular, pero é certo que a actitude deste partido en relación ó centro de saúde raia o esperpento. Non contentos con isto, resulta cínica, xa que eles crean o problema para despois ofrecer unhas solucións como pode ser a do bus, e ridículos como é o da Casa da Cultura, que entrar pola Casa da Cultura para despois acceder a outra dotación pública non ten sentido. Vostedes escolleron a situación pensando en fins especulativos e incluso así foron cutres, cicateros e rácanos, xa que despois de ofertar os terreos á Xunta, esta pediulles ó goberno anterior, e non queremos botar o retrovisor para atrás pero é a realidade, a Xunta pediulle ó goberno anterior que se ampliara a superficie cedida en 1.500 m² máis. Foron cutres na situación e na superficie, ademais provocaron que os custes de construción se aumentaran nun 33%, ó ter que construír un muro de contención valorado en 900.000 € pero é que ademais mentiron neste caso, que non sei se lembran todo vostedes, vostede ó mellor señor Manuel non estaba no goberno, nin no Partido Popular, pero supoño que lembrar que houbo un anuncio pagado pola Deputación cos petos de todos os nosos conveciños e conveciñas anunciando que o custe do muro de contención ía a ser sufragado pola Deputación, a nós danos igual que o sufrague a Deputación que o sufrague a Xunta de Galicia, o certo é que o pagan todos os nosos conveciños e conveciñas, pero mentiron porque primeiro era a Deputación, agora resulta que é Xunta de Galicia. Hai que facer todo este recordatorio xa que se alguén ve esta moción semella que o Partido Popular traballa para solventar os problemas dos nosos conveciños, pero resulta que o certo é que foron vostedes os que provocaron o problema, elevaron os custos, atrasaron a obra, e crearon un grave problema de mobilidade que novamente supón custes adicionais que serán pagados por todos os noso veciños e veciñas, o mundo do revés. Dcir que ademais cando vostedes falan de se se paralizaba para buscar unha nova situación, dicir que a Xunta ameazaba con repercutir con todos os custes derivados dos cambios de situación polo Concello de Barbadás, senón o sabían eu infórmolles, a Xunta de Galicia ameazaba con que o Concello de Barbadás tivera que sufragar todos os custes derivados da paralización mentres non se buscaba outra alternativa, isto haino que informar e tamén o deben de saber os nosos veciños. Votos a favor, votos en contra, abstencións. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do PP, os votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular de Barbadás para mellorar a accesibilidade ó centro de saúde de A Valenzá**”

6- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE OS TERREOS DO CAMPO



DE FÚTBOL DE PARADA E PIÑOR.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a moción do Partido Popular de Barbadás sobre os terreos do campo de fútbol de Parada e Piñor. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): O Partido Popular de Barbadás segue a traballar polo desenvolvemento do seu programa electoral dende a oposición, tratando de mellorar a calidade da vida dos veciños e veciñas de Barbadás, sendo conscientes dunha masificación da Escola deportiva de fútbol e facendo coma sempre unha oposición construtiva. Levamos uns meses a traballar para pór a disposición do Concello a documentación adxunta e facer realidade unha demanda dos veciños e veciñas de Parada e Piñor, transmitida ó grupo do Partido Popular de Barbadás na anterior lexislatura, mantendo varias reunións, e outorgado subvencións para arranxar as deterioradas instalacións do mesmo. A documentación que achegamos é o mapa topográfico do terreo actual, mapa topográfico catastral de 1955 e lista dos propietarios das terras afectadas en base o catastro de 1955, os acordos serían, localizar en base ó listado de propietarios do catastro de 1995 os propietarios actuais dos terreos delimitados dentro do perímetro sinalado no plano adxunto. Agora en canto acabe a moción darémoslles unha copia do plano, segundo conseguir pór a disposición do Concello, mediante cesión, doazón ou calquera outra forma xurídica que considere a Secretaría do Concello correspondente e legal, co obxecto que o Concello poida acometer obras e mellorar as instalacións e pólas a disposición das Escolas deportivas e argumentando a oferta deportiva e o número de alumnos, así como o uso e goce dos veciños.

O sr. Alcalde toma a palabra: Cando queira pode proseguir coa súa intervención señora Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra: Dicirlle ós grupos da oposición e ó grupo de goberno que esta é a democracia do grupo de goberno, e nós o que queremos é durante a lexislatura anterior os veciños de Parada e Piñor tiveron varias reunións con eles, intentamos arranxar o campo de fútbol pola disposición do Concello, en todo momento estivemos o señor Padrón sábeo ben, xente que está hoxe acompañando neste Pleno que tivemos varias reunións e efectivamente na Comisión Informativa, vostede ensinounos un proxecto dun arquitecto, nós estivemos nesa reunión e comprometémonos que se saíamos elixidos pois intentaríamos arranxalo pero sempre pondo a disposición ó campo de fútbol, porque xa a Secretaría Xeral do Concello informou que ata que estiveran postos a disposición non se podería facer nada en ningún tipo de obra, de todas maneiras recoñecen que si houbo unha subvención



que se lle deu para arranxar o bar que era o bar que estaba alí, que era un compromiso pois inminente porque o que había alí pois tiña perigo para a xente que ía ó campo e nós en todo momento estivemos en disposición de arranxar este tema. O que vostede ensinou o outro día na Comisión Informativa que era a escritura que se fixo sempre apoiado por unha persoa do Partido Popular e sábeo, non serve para nada, é unha manifestación, explicoullo claramente a Secretaria, e si, para vós, para o que é os veciños de Parada pois si servirá un manifesto que si están en disposición de entregar ese campo, pero a xente que foi a firmar á notaría non son donos desas parcelas, entón o que se fixo, algunhas si, a ver, eu non podo saber quen foi, pero si dito polo notario de Celanova, o que teñen é que pór á xente que está no catastro de 1955, o Concello é falar con esa xente e que se poñan a disposición os terreos, porque á que non se poñan a disposición, a Secretaria explicounos perfectamente o outro día, non se pode facer nada, e o Partido Popular o que é entregar esa documentación na man para que se siga a continuidade de pór a disposición en canto se poda eses terreos para axudar ás escolas deportivas, e que os veciños de Parada e Piñor pois sigan disfrutando del pero nunhas condicións dignas e se faga o proxecto que se ten dese arquitecto ou outro que consideren os técnicos do Concello, iso é o que quere o Partido Popular. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Moitas grazas. Quero dicir que falo aquí como parte do representante do Grupo Mixto, como veciño de Parada e como un dos herdeiros dos propietarios do campo. Como ben di a exposición da moción hai un ano aproximadamente vendo a saturación que hai no campo do Carrís presentamos ao anterior goberno do PP unha iniciativa da agrupación deportiva Parada-Piñor para pór a disposición do Concello o uso e disfrute do campo da Chaira situado na parroquia de Piñor nun lugar privilexiado e de rápido e fácil acceso, propiedade dos veciños de Parada e Piñor a cambio da súa remodelación para adecualo ás categorías inferiores da Escola Municipal de fútbol. Neste tempo o goberno do PP xa actuou no recinto concedendo a unha subvención á agrupación deportiva para poder derrubar a antiga cantina que representaba un perigo de desplome inminente para a construción dunha pequena grada cuberta e para o adecentamento mínimo das vellas instalacións cos membros da agrupación deportiva realizamos como puidemos. Queremos recordar aquí que a Escola de Fútbol Municipal xa naceu neste campo hai 25 anos e xa daquela se asinou un convenio entre o Concello e a A.D. Parada-Piñor polo que se realizaron diversas obras de mellora que hoxe xa presentan moitas deficiencias. Polo tanto, e volvendo ó razoamento anterior, ante a necesidade que



puidera xurdir por parte do Concello de contar con outra instalación para a Escola de Fútbol nós presentamos un proxecto redactado por un arquitecto veciño de Piñor, que consideramos moi beneficioso para o Concello polas vantaxes que xera. Non hai necesidade de buscar terreos nin de adquirilos, só necesita unha remodelación, terceiro, e a situación é privilexiada, pois atópase no centro dun núcleo de poboación como é a parroquia de Piñor con máis de dous mil habitantes, e unha cantidade moi importante de cativos e de persoas maiores que utilizan esta instalación para camiñar por ser un terreo chan nunha zona de fortes pendentes, a proximidade con A Valenzá, Finca Fierro, Ourense.... Unha vez pasadas as eleccións nós presentamos este proxecto ao novo goberno que o asumiu no compromiso que asinamos no Pacto de Investidura. Polo tanto, é un proxecto no que estamos a traballar para ir dando os pasos necesarios e de acordo coa lei para que nun futuro sexa unha realidade. O proxecto presentouse por fases para podelo ir adecuando á necesidades do momento e á dispoñibilidade orzamentaria. Rematando e agradecendo ó PP o interese pola proxecto, a presentación da moción e incluso a publicación nos xornais como se fose algo propio, en todo caso, aínda que a redacción da moción considerámola algo incompleta, é un proxecto que nós parimos, que é un compromiso que adquiriu o novo goberno, e o que é máis importante beneficia a todos o veciños e todas as veciñas deste Concello polas vantaxes que antes enumeramos e nós así o imos a defender.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Puntualizar dous puntos primeiro, primeiro punto, outra moción que non entendo para nada, non entendo porque o PP traballou neste proxecto e sabe ben como está isto, ou sexa, os veciños de Parada teñen este campo de fútbol, pero non teñen documentación que acredite que é deles, o outro día na Comisión Informativa así se nos dixo, realmente hai veciños, hai anacos de parcelas que non se saben de quen son, segundo nos informou a Secretaria do Concello, o Concello de Barbadás non pode investir diñeiro en algo que non pertence ó Concello só hai dúas formas, que eu saiba, legais de adquirir unha cousa, doazón ou compra-venda, calquera das dúas cousas se necesita titularidade, necesítanse escrituras, escrituras ou estar rexistrado, segundo teño entendido non é así, entón señor Ramón Padrón voulle dicir unha cousa, a vostede puidéronlle prometer “el oro y el moro”, pero non llo van poder cumprir, cumpriranllo con subvencións, non me opoño, absolutamente non me opoño a que se tramiten subvencións e paréceme unha boa idea, paréceme que xa hai algo no que se pode utilizar, agora o Concello de Barbadás non pode saltar as leis, e non se pode gastar diñeiro en algo que non é do Concello, entón compromisos, aquí todos podemos ter mil compromisos, pero a



realidade é que nós non estamos por riba da lei, entón por iso digo que non entendo a postura do PP, porque a señora Chelo Vispo nisto está moi enterada e informada, e traballou nisto cónstame, entón a que ven isto propoñendo unha moción que non pode ir adiante, vostede que pretende, pillar ó goberno, pillar a Padrón, é que non entendo nada, perder o tempo. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro do goberno, o Concelleiro de deportes.

O sr. Adrián toma a palabra (PSdeG-PSOE): Boas tardes a todos e a todas, e dicir que estamos de acordo en mellorar non só o campo de fútbol da Chaira senón calquera instalación deportiva do Concello sempre nas medidas das nosas posibilidades. De tódolos xeitos gustaríame saber cal é motivo do repentino interese do Partido Popular no campo de fútbol da Chaira, xa que dende a construción do campo de fútbol de Os Carrís, no ano 2000, foi o campo do Concello que menos se utilizou, primeiro utilizouse o campo de San Roque en Sobrado, despois utilizouse o da Berenguela en Bentraces, que era o campo que se utilizaba o ano pasado para o adestramento do Barbadás B, do Valenzá, era o campo que se ofrecía ós adestradores dos equipos da escola que necesitaban adestrar en horarios que non tiñan, entón gustaríame saber cal é o motivo deste repentino interese. Así mesmo tamén me gustaría sinalar, que o Partido Socialista presentou hai 7 anos unha moción para acondicionar ese campo, había un equipo da liga galega de béisbol que quería competir alí, esa moción foi rexeitada polo PP. Por outra banda dicir que xa se produciron actuacións para combater a masificación que se produce na escola de fútbol e houbo uns cambios nos horarios de adestramento, de maneira que ó longo da semana só hai unha hora de adestramento que se utiliza o campo de terra que está encima dos vestiarios, mentres que o ano pasado se utilizaba practicamente todos os días. E así mesmo se continuamos co número de rapaces que temos nas categorías pequenas nun par de anos todos os equipos terían opción de adestrar unicamente no campo de herba sintética. Dito isto despois de falar ca Secretaria do Concello que nos explicou que a única solución posible pasaba por unha cesión ó Concello mediante convenio á Agrupación Deportiva Parada-Piñor, e mediante subvencións que é quen sostén as instalacións, expresamos a nosa vontade de iniciar os trámites necesarios para asinar o convenio co fin de poder realizar melloras nesta instalación, sempre cumprindo cos requisitos legais que nos impoñan Intervención e Secretaría.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Adrián Varela. Ten a palabra a voceira do Partido Popular Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra: Adrián vouche contestar, vamos a ver o compromiso que nós



adquirimos no seu momento nas reunións que tivemos cos veciños de Parada e Piñor foi, efectivamente estabamos utilizando en la escola de fútbol o campo de Bentraces, pero ó ser unha zona a de Parada e Piñor con moita xuventude, pois decidimos un compromiso con eles nesas reunións de que en canto estivera a disposición do Concello ese campo, poñelo a disposición parte da escola de fútbol, incluso para actividades que quixera facer o Concello ou incluso os veciños de alí, ese foi o compromiso que adquirimos no seu momento, non é que agora teñamos especial, el campo de Bentraces ou o campo de Sobrado, teñen un problema de luz, todos o sabemos, o campo de Bentraces ó mellor está en peores condicións que está hoxe do de Parada , por iso foi, e o noso compromiso de hoxe é seguir co traballo que tiñamos feito, e os veciños de alí sábeno, nós o que poñemos a disposición, que agora lle contesto á señora Varelas, é dicir que nós tiñamos, si sabemos as fincas de quen son, e poñémolas a disposición do Concello, para que o Concello siga tramitando isto, non nós, nós fixemos uns trámites e poñémolos a disposición, pero nada máis. Despois Secretaría Xeral ó mellor ten outra opción que non é esta de buscar, porque haberá xente que faleceu, ou que non teña herdeiros, ó mellor hai unha solución, pero nós poñémolo a disposición. Vamos a ver, as mocións que traemos hoxe son propostas que facemos entre todos, como ben sabe o goberno agora mesmo non ten maioría absoluta, todos aquí temos que participar en axudar ós veciños a mellorar ós veciños de Barbadás, entón non entendo cal é a súa postura, xa lle contestarei a súa moción despois, cando a traia voulle contestar o mesmo que me está dicindo agora, pero déixollo para despois, aquí todos temos traballo feito, nós vemos a folla hoxe, que nos chama moito a atención do Pleno, da convocatoria do Pleno, e as mocións, porque vostedes presentáronas fóra de prazo, soamente temos o traballo do Partido Popular e do grupo de goberno que trae os prezos do Centro empresarial e de algo que o Partido Popular deixou ó goberno que está hoxe que é a expropiación dos terreos pola subvención da Deputación, vostedes diranme, se vostedes collen as actas das Xuntas de Goberno deste grupo, ven que teñen xuntas cobrando, porque eles si cobran, á oposición nos quitan, nos rebaixan os soldos, pero seguimos aquí traballando e dedicándolle moitas horas, sendo a oposición, e eles fan Xuntas de Goberno con actas que teñen que velas os veciños, e ensinámoslla cando queiran, non teño nada máis que dicir, porque me parece patético o que vostedes están dicindo na oposición hoxe do grupo do Partido Popular, paréceme patético e os veciños teñen que sabelo, e para iso estamos gravando este Pleno hoxe, para que o que hai, quen traballa e quen non. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, señora Chelo Vispo. Ten a palabra Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, con relación ó proxecto e á moción, eu dixen aquí dando os



pasos necesarios e de acordo coa lei. O espírito disto foi poñer a disposición do Concello unha instalación para que non se cometan os erros de sempre, de buscar cando faga falta outro campo de fútbol ilo buscar, ir buscar terreos sabe Deus a onde, gastarse un montón de pasta, entón foi unha iniciativa para poñer uns terreos para o uso e disfrute da escola de fútbol, uso e disfrute, nunca unha venta, nunca unha doazón, o uso e disfrute, durante x anos, se iso é posible pois adiante, senón é posible vía cesión para uso e disfrute, vía subvención, pois nada, pero sempre contando coa necesidade que teña o Concello, se o Concello non ten necesidade de ter outro campo de fútbol ou de outra instalación en condicións pois nada usamos o de A Valenzá e punto, cartos que nos forramos, pero se chega esa necesidade por favor que non pensen noutra situación, tendo esa aí, nun sitio privilexiado que nos pode forrar moito diñeiro, ese era o espírito do proxecto cando o presentamos no seu día ó goberno que había, creo que quedou claro. Con respecto, si que se sabe todos os propietarios que hai, agora xa é un traballo que terá que ser en conformidade coa lei, terá que ser vía subvencións, pero volvo a repetir, sempre coa necesidade que se teña no Concello dunha instalación deste tipo, quero que quede moi claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Ramón Padrón. Señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Quero contestarlle ó señor Ramón que eu dixen antes que si estou de acordo nisto, o que non estou de acordo foi porque o outro día informárounos que o Concello non pode gastar diñeiro en algo que non pertence ó Concello, é o único que dixen. Señora Chelo Vispo, eu díxenlle que vostede traballara nisto, en ningún momento negueino, simplemente non o entendo por un motivo, porque mire vamos a ver, se vostede traballa nunha cousa e sabe que esta cousa nestes momentos non ten saída nin viabilidade a que o expón, facernos perder media hora, é o único que digo, vamos a ver, e eu teño o meu dereito a expoñer e non querer perder o tempo en cousas que non se dan arranxado por agora, porque eu creo que o outro día a señora Secretaria informounos clariño e ben a todos, entón volvo a dicir, non perdamos o tempo en cousas que aínda non teñen solución e perdámolo en aquelas que se dan solucionado. Vamos a ver se hai algunha forma de que isto se dea solucionado, eu vou a dicir que si, por que me vou a negar, pois claro que si, se hai un terreo, un campo de fútbol que está aí, pois mellor aproveitar ese que coller outro, pero é que nós non podemos saltar a lei, é que parece que neste Concello de Barbadás non nos damos conta. Señora Chelo vostede é un pouco cínica, tenme que perdoar, tenme moito que perdoar, un pouco cínica, vostede sabe por que as nosas mocións non nolas colleron, vostede sábeo, a ver, ó señor Padrón e a min informárounos que as podíamos presentar ata o mesmo día das Comisións Informativas e así o fixemos, e non as



presentamos o mesmo día, presentamos dous días antes, e o outro día a señora Secretaria explicouno moi claro, e nos dixemos, tanto Padrón coma eu dixemos non se preocupen que vamos a presentalo en tempo e forma, así que non veña dicindo que nós non traballamos, porque se a min me din unha cousa e despois xa me din outra, perda coidado que vai ter a documentación toda en tempo e forma. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Un inciso antes de seguir cedendo a palabra, os adxectivos as cualificacións entendo que se deben facer políticos, simplemente recordo que os adxectivos cualificativos deben dirixirse non ás persoas, agradézollo, simplemente para sucesivos que se teña presente. Por alusións a señora Chelo Vispo, moi breve por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Vou a ser moi breve, señora Varelas eu non dixen, o de cínica grazas polo adxectivo non o son, pero non lle dixen iso por non presentalas en tempo e forma, senón pola moción que vostede presentaba que tampouco a terminou, e ó mellor é unha perda de tempo coma vostede está dicindo que son as nosas, por iso, non polo outro, non o interprete por iso hai que explicar as cousas non o interprete por onde non é.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do goberno señor Adrián Varela.

O sr. Varela toma a palabra: Nada, simplemente antes cando comentaba o do campo de Bentraces eu como ben saben fun monitor da escola moito tempo, por proximidade quedaba moito mellor adestrar en Piñor, solicitouse varias veces e remitíanos a Bentraces, simplemente era para saber. Vale, e repito nós estamos dispostos a mirar todas as instalacións deportivas do Concello sempre priorizando e respectado as necesidades que teñamos e sempre dentro da legalidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sométese a votación esta moción do Partido Popular de Barbadás sobre os terreos do campo de fútbol de Parada e Piñor, votos a favor, abstencións, polo tanto non hai votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e abstención de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular de Barbadás sobre os terreos do campo de fútbol de Parada e Piñor: 1- Localizar en base ó listado de propietarios do catastro de 1995 os propietarios actuais dos terreos delimitados dentro do perímetro sinalado no plano adxunto. 2- Conseguir pór a disposición do Concello, mediante cesión, doazón ou calquera outra forma xurídica que considere a Secretaría do Concello correspondente e legal, co obxecto que o Concello poida acometer obras e mellorar as instalacións e pólas a disposición das Escolas deportivas e argumentando a oferta deportiva e o número de alumnos, así como o uso e goce dos veciños.”**



18- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

19- ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos a rogos e preguntas, facer unha consideración neste caso, hai tres propostas que ó final teñen que ser convertidas en rogo, son de Democracia Ourensana e Grupo Mixto, que nós consideramos que poden ser debatidas como se foran mocións, en aras desa democracia e do feito de que todos, de que boa parte das persoas que son Concelleiras actualmente son novas nestas lides, entón en aras da democracia e participación ímolos debater como se foran as mocións, pero sen votación. Ten a palabra señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Como dicía a compañeira antes de Democracia Ourensana, presentamos as mocións o martes, cando en todos os Plenos que tivemos ata agora dixéronos que non había problema de presentalas no mesmo día das comisións, e o martes cando as presentamos non se nos dixo nada de si valía como moción ou non valía, a única diferenza que hai é poñer, xa ven, está é a moción que presenteí, entón había que por aquí dúas liñas máis e poñer “acordos”, ou sexa que vamos non pasa nada, no seguinte Pleno as traeremos con esas cousiñas para que sexan aceptadas, pero tamén penso que o martes puideron habelo dito, pois mira falta completar aquí este parágrafo, e pór aquí acordos, sería moi fácil de solucionar, polo menos a nosa, entón como as imos a deixar para o próximo pleno, pois xa non quero falar delas. Quería facer unhas preguntas así rapidamente, e deixalas aquí no Pleno porque nos parecen, que escoitámolas por aí.

-¿Que pensa facer o Goberno en relación a informar aos portavoces dos grupos municipais sobre cuestións relevantes que afecten á maioría da cidadanía e que precisen da súa presenza como exemplo de representación democrática? Cando houbo aí unha presentación do Centro de Saúde non se nos chamou para ir ata alí, a informarnos do que sucedía alí e poder informar á xente, porque iso incluso é bo para o Goberno por que nós se estamos informados podemos informar mellor á cidadanía, senón teremos que falar por oídas ou polos periódicos ou polo que dixo o outro, ou polo que dixo o demais alá, e iso é prexudicial para o Goberno, cando se inaugura unha libraría ou cando se inauguran certas



cousas que son para beneficio de moita xente é importante como democracia, que se chame aos representantes ou portavoces do grupos para dicir mira vai a ver un tal, xa digo en aras de información porque é bo para o Grupo de Goberno, non é malo, pensar como se pensaba antes, vamos a ir nós porque así apuntámonos nós os tantos, eu creo que vivimos xa noutra maneira de facer política.

-Outra cousa, como a celebración dos Plenos pasou a ser polas tardes e rematan pola noite, non hai xornalistas na sala, penso, non sei se antes os había cando era a mediodía, si, pois ben, entón como se vai a articular a información sobre o contido do Pleno, ¿vai a ser unha información clara e obxectiva?, ou como cadra ó día seguinte o portavoz da mesma, depende a quen chamen, non sei, queríamos saber se vai a ver unha liña de traballo sobre este tema, digo porque ó ser a esta hora. Xa son varios os exemplos que constatamos polo que necesitamos saber se vai a ser unha práctica habitual, ou só en casos puntuais porque aparecen carteis anunciando actividades ou actuacións das Concellerías, que tamén afectan a todos os veciños, páganse cos cartos do Concello, que aínda non están na rúa nin colocados en locais do pobos e xa están no Facebook dos partidos políticos, non do Goberno, senón dos partidos políticos, son preocupación que traemos aquí para que o Grupo de Goberno tome en consideración.

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar, en relación a acta de replanteo a que fai referencia na que estivo presente o Grupo de Goberno, dicir que o protocolo, que é unha palabra que é fea, ou parece mal soante, sen embargo é así, faio quen fai a obra, que neste caso foi a Xunta de Galicia, o Sergas e a Consellería de Sanidade, ese Protocolo cumprimentouse a través dun correo electrónico que nos remitiu a Xunta de Galicia e que nós dimos cumprimentación do mesmo, dito isto, podemos valorar que para o sucesivo se conte cos demais grupos políticos. En relación ós carteis, e a cartelería que o mellor está colgada na páxina web do Concello, e tamén está colgada en algún caso, non en todos, no Facebook, ou nas redes dos diversos grupos que están no Goberno, pode ser certo, intentaremos melloralo para que esa cartelería, eses anuncios, esa publicidade deses actos ou deses eventos chegue tamén a eses colectivos veciñais. Algunha pregunta máis.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu quero preguntar si ao día seguinte, dos xornais chaman ao Concello, e se fai unha resposta institucional ou se fai unha resposta partidista.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, vamos a ver os medios de comunicación chaman ó Alcalde, ó Tenente Alcalde ou ó Concelleiro ou Concelleira que eles consideren oportuno. Os medios de comunicación teñen liberdade para actuar.

O sr. Padrón toma a palabra: Perdón, eu creo que normalmente chamarán ó Alcalde, ou ó Tenente



Alcalde ¿non?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non é así, os medios de comunicación teñen liberdade para chamar a vostede, para chamar ó voceiro ou voceira de Democracia Ourensana, para chamar ó Partido Popular ou para chamar a calquera Grupo Político. Os medios de comunicación actúan libremente sen condicionamentos por parte de este Goberno Municipal, e sen condicionamentos por parte de ningún grupo político, eles son libres de chamar a quen eles consideren oportuno, e cada un é libre de facilitarlles tamén a información que considere oportuna. Eles ou elas preguntan, e nós estamos no noso dereito de responder, nunca desde este Goberno se vai a dar unha información institucional como tal, non se vai a remitir unha nota de prensa como Goberno, o que si os medios de comunicación poden chamarnos e pedir información diversa por cada un dos asuntos que se tratan neste Pleno, como nota institucional non hai.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu o que quero dicir con isto, é que si buscamos de poñer os Plenos polas tardes para darlle participación á cidadanía, ó final a cidadanía veñen as persoas que veñen, se antes os Plenos eran ao mediodía e había un xornalista, o xornalista toma as notas evidentemente o que ve, entón a información ó día seguinte non é, porque non a recolleu unha persoa independente, entón ó final estamos facendo ao revés, a xente que está aquí entérase perfectamente de todo, e por iso, agora venme a cabeza aquí, o que nós propuxemos en campaña da radio municipal, tan importante, porque entón agora estaríase enterándose todo o mundo do que estamos falando aquí, sen necesidade de omitir información e cada un opinaría pois o que lle parecera, sen sesgos, sen nada, eu creo que é unha idea moi boa que tivemos, e oxalá este Goberno a leve a cabo, a creación da radio municipal.

O sr. Alcalde toma a palabra: O que é certo é que os medios de comunicación actúan conforme ó seu libre criterio, e albedrío, estou convencido de que cando se presentaron as dúas mocións do Partido Popular que viñeron a este Pleno, chamarían seguramente ao voceiro ou voceiro do Partido Popular, a actuación dos medios de comunicación vai un pouco tamén en función da actuación dos propios partidos políticos, por pór un exemplo se alguén remite unha moción que se vai a presentar para un Pleno con antelación pois é fácil que ao mellor chamen a ese grupo político.

O sr. Padrón toma a palabra: Por iso a radio municipal serie unha ferramenta perfecta, porque así aquí ninguén pode enganar a ninguén, nin dicir isto, ou aquilo, ou o outro, estaríansenos escoitando perfectamente e cada un sacaría as súas conclusións en todo o Concello, en todo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas ¿ten algunha consideración, algunha pregunta?



¿algún rogo?

A sra. Varelas toma a palabra: Eu quería aclarar un tema, que antes vostede corrixíume como dándome unha lección, e eu en ningún momento ataquei a señora Chelo Vispo como persoa, porque ten todo o meu respecto, e é unha persoa que me levo con ela, simplemente estamos debatendo política, e nada máis, eu non teño porque faltarlle ao respecto a título persoal a ninguén, todo o mundo ten o meu respecto, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas por esa apreciación, ¿algunha pregunta máis?

O sr. González toma a palabra: A don Ramón aproveito para dicirlle que por iso traemos a cámara para que haxa algo de limpeza e liberdade e que se saiban as cousas que están pasando porque senón só sae aínda que non sexan institucionais saen os comunicados que estamos vendo todos, nós estamos de acordo cando traigas a moción apoiámola penso que claramente. As preguntas van dirixidas ao señor Alcalde ¿Cal é o motivo do cambio de funcionamento do local de Fonval?

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois o motivo foi a petición dos propios interesados, alí había dúas persoas, dous traballadores do Concello, que estaban desempeñando unha labor, que é unha labor social dende logo, porque estaban prestando servizo a unhas persoas maiores, pero o resultado por dicilo de algún xeito, a repercusión que tiñan nas arcas do Concello, os custos de esas persoas, cos ingresos que supoñían na caixa de Fonval eran escasos, e esas persoas necesitaban estar noutra situación que desempeñaban un traballo moito máis necesario para o Concello,

O sr. González toma a palabra: ¿Teñen pensado ceder outros locais nas mesmas condicións?

O sr. Alcalde toma a palabra: Agora mesmo non

O sr. González toma a palabra: Temos recibido queixas de xubilados socios do Fonval descontentos co seu funcionamento ao parecer vaise crear outra asociación, como van a solucionar o problema? ¿como van a compartir o local as dúas asociacións? ¿téñeno previsto?

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire de momento esa cuestión non xurdiu, o que é certo é que o señor Serafín Núñez e máis eu estivemos hoxe á tarde con responsables de Fonval e preguntamos pola situación de ese colectivo e foi satisfactoria, non podo dicir outra cousa, en ningún momento hai ningunha noticia de que haxa xubilados, e pensionistas ou usuarios de Fonval descontentos, a nós non se nos transmitiu, cando xurda o tema plantexarémolo.

O sr. González toma a palabra: Pois haber hainas, catro ¿Sabemos xa canta xente hai disposta a recoller refuxiados temos en Barbadás? ¿Sabemos con que medios ou locais contamos para os refuxiados?



O sr. Alcalde toma a palabra: Non, despois se quere Serafín porque coñece o caso de forma máis concreta, vostedes saben que aínda o Goberno Español non acolleu a ningún refuxiado neste País, polo tanto estase traballando no asunto, de feito o señor Serafín hai uns poucos días foi a ver o Convento de Sobrado, á instancias dos propios responsables dese Convento. De momento neste País chamado España aínda non se acolleu a ningún refuxiado Sirio, se o señor Serafín Núñez ten algunha aclaración máis que facer sobre iso.

O sr. Núñez toma a palabra: Si, dicir que efectivamente estivemos realizando xestións tanto en relación coa antiga fábrica de Galos, que non se puido concretar porque a titularidade é diversa é de varios institucións bancarias, e polo tanto non se puido concretar ningunha actuación ao respecto, aínda que teñen instalacións precisas para poder albergar tamén refuxiados neste caso pero non, e estamos traballando tamén na outra liña que é o do antigo convento, o antigo colexio internado que había das monxas en Sobrado e de feito como dixo o señor Alcalde estivemos a semana pasada, pois co Director do Colexio Miraflores é quen ten a xestión do Centro e bueno estamos en colaboración directa co Fondo Galego de Emigración ca Fegamp, transmitindo esta información porque realmente vai a ser un Centro que nun futuro pois ten a posibilidade de poder albergar unha cantidade de refuxiados e efectivamente nós estamos en colaboración para poder albergar un número determinado, hoxe valoramos entre 50 ou 60 persoas sen ningún tipo de obra nin nada, é dicir, tal é como están as instalacións. E con respecto pois á xente que digamos, a veciñanza que está colaborando, temos como comentei no seu momento, abrimos un rexistro municipal para que a xente colaborase e pois temos algunha familia que está interesada pois en dar clases de idiomas, en colaborar pois dalgún xeito tamén en relación con este tipo de cuestións, un pouco son as liñas de actuación que estamos plantexando.

O sr. Alcalde toma a palabra: E aquí quero volver a incidir na participación veciñal e que foi unha iniciativa por parte dun grupo de veciños este traballo, polo tanto expresar como xa fixemos no anterior Pleno o noso agradecemento a esa iniciativa veciñal.

O sr. González toma a palabra: Ademais o de Sobrado é unha idea moi boa, eu penso que si se pode pór en marcha felicitámolo de antemán polas xestións, que as propuxemos xa no anterior Pleno a utilización do Convento que é un dos sitios pensamos que mellores, si hai un mellor estamos abertos a suxestións. ¿Xa teñen organizadas tamén as enquisas e os traballos que se van a coordinar neste tema de refuxiados por parte do Concello?

O sr. Núñez toma a palabra: A ver con relación ao tema do Convento, eu vou a dicir un par de



cuestións do internado das monxas, aquí o Partido Popular comenta que efectivamente no anterior Pleno o deixou caer, este Concelleiro nalgunha asemblea informativa, nomeadamente en Sobrado, antes deste Pleno, onde vostede ou o seu compañeiro ou a súa compañeira falou dese tema o dixo publicamente de que lle parecía unha instalación acaecida e que ía iniciar os trámites pertinentes para poñer esas instalacións a disposición do Estado ou da Xunta para poder albergar refuxiados, entón quero dicir que non se apunte tantos porque ese tanto en principio non é seu.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu o que volvo a insistir en relación a todas estas preguntas, é que vostede está facendo unhas preguntas, que nos parecen ben, pero insistir en que aínda non hai refuxiados acollidos polo Goberno do Estado, ou sexa, España aínda non acolleu a ningún refuxiado Sirio, e desde este Concello estanse adoptando medidas para estar preparados no momento en que iso ocorra, de momento dos 16.000 refuxiados, creo recordar, que supostamente vai a acoller o Estado Español aínda non se recibiu en España a ningún.

O sr. González toma a palabra: Si, iso é o que dixemos no anterior Pleno por iso estamos preguntando que tipo de xestións se fan porque aquí case parecía que estabamos no Congreso dos Deputados e non no Concello por iso preguntamos ¿Que deberes ten feitos? De feito eu non preguntaba, feliciteinos pola xestión do Convento, pero facía a pregunta e non se me contestou, ¿Se xa teñen organizadas as enquisas, esas enquisas famosas que eu lles ofertei?

O sr. González toma a palabra: Pero esa moción non foi aprobada, esas propostas que fixeron vostedes non foron aprobadas, polo tanto non se van a organizar esas enquisas.

O sr. González toma a palabra: E ningún tipo de enquisas, ¿outras enquisas tampouco?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, estase traballando con colectivos veciñais, e a través da Concellería e o voluntariado para levalo adiante.

O sr. González toma a palabra: Correcto, a pregunta é ¿Se é iniciativa do Concello ou iniciativa da xente?

O sr. Alcalde toma a palabra: Iniciativa da xente acollida polo Concello.

O sr. González toma a palabra: Correcto, e os traballadores que van a coordinar ¿tampouco hai nada?.

O sr. Alcalde toma a palabra: Volvo a insistir non hai refuxiados neste país agora mesmo, cando haxa unha previsión de distribución de cantos virán a Galicia a diversas provincias. Estase traballando coa Fegamp tamén, para poñer á disposición deles cantas familias se poderían acoller aquí no noso Concello, despois farán eles a distribución en colaboración e en consenso coas demais institucións que



participan.

O sr. González toma a palabra: Claro pero se non se puxo nada a disposición, tampouco sabemos do que podemos dispoñer, esperemos a que nos cheguen aquí doce ou trece e despois xa os metemos, saen as miñas contas do Pleno anterior.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estalle dicindo o señor Concelleiro que se poden probablemente poñer a disposición da Fegamp neste caso entre 50 e 60 persoas.

O sr. Núñez toma a palabra: Eu remitín recentemente, non sei a semana pasada, non sei o día, remitín un email ao representante da Fegamp, onde con previo acordo do Director deste Centro, que é dunha federación relixiosa e se pon a disposición estas instalacións para poder albergar un número determinado de xente.

O sr. González toma a palabra: ¿ Non sabemos cantos?

O sr. Núñez toma a palabra: Estamos falando de entre 50 ou 60 persoas que se poderán situar mañá mesmo, hoxe non hai ninguén aquí, iso xa o dixen antes, estamos traballando nesa liña, ¿de acordo?

O sr. González toma a palabra: ¿Tería algún custe para o Concello o Convento?

O sr. Núñez toma a palabra: Vamos a ver, en principio habería que establecer algún tipo de convenio de colaboración, coas distintas institucións, véxase ca Xunta, véxase co Estado para articular un convenio de colaboración ca Fundación, digamos co Centro relixioso que é propiedade do tema e coas outras institucións, entendo que o Concello aí vai a dispor dun persoal que serán as técnicas en servizos sociais para poder asesorar e poder facer un traballo de coordinación, pero non, entendo que o Concello a participación que puidera ter aí, entendo que ten que ser por parte do Estado e nós participar dalgún xeito, pero entendo que é Estado e Xunta de Galicia, en colaboración.

O sr. González toma a palabra: Era o que dicíamos no Pleno anterior así é como se fan as cousas, non como plantexaban vostedes, existe unha cesión do local ou instalación municipal situado na rúa do Ensino número 11 por parte do Concello de Barbadás á Asociación de pensionistas e xubilados de Fonval en caso afirmativo, solicitamos nos faciliten o expediente

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, o que neste caso solicitou Fonval ou a dirección de Fonval foi a cesión como se fixo en outras ocasións por o anterior Grupo de Goberno Municipal das instalacións, nada máis, está na mesma situación na que estaba anteriormente, a mesma que había no seu momento, non hai outra.

O sr. González toma a palabra: ¿De que data é esa documentación?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non sei de que data é, non sei se se revisou.



O sr. González toma a palabra: ¿Podémola pedir?

O sr. Alcalde toma a palabra: Pódena pedir, foi un documento solicitado por escrito no seu momento, hai uns días, non lembro a data, haberá vinte días solicitaron que se lle cedera a utilización dese espazo.

O sr. González toma a palabra: Estamos a recibir múltiples queixas das asociacións polo horario das manualidades e o seu funcionamento en xeral, ¿Como van a solucionaralo? ¿Van a seguir cos horarios inadecuados que teñen hoxe ou cámbianos?

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Imos a ver, a programación das actividades de manualidades se fixo tamén, neste caso sen externalizacións, con traballadores e traballadoras do Concello, porque realmente entre outras cuestións non había alternativa viable porque realmente as partidas, outro tipo de áreas que puideran estar e que puideran dispor desta actividade, non había partida económica precisa para poder manter este tipo de actividade, entón se optou por non externalizar e por facelo con traballadoras propias, con xente propia do Concello, estas traballadoras teñen que atender determinadas instalacións municipais en franxa horaria tamén de tarde polo tanto alternamos distintos horarios de mañá e de tarde para intentar chegar, e se chegou ás dez parroquias, aos dez lugares cun horario pertinente para dar este tipo de manualidades, en algún caso de mañá e en outro de tarde porque o que non podíamos era pechar o espazo infantil por exemplo, ante unha casa de Xuventude pois para poder atender outro tipo de cuestións e polo tanto por esa cuestión se fixo, se programou un pouco este tipo de actividades de mañá e algunha de tarde, porque tamén hai horario de tarde en algún lugar.

O sr. González toma a palabra: Pois nada dicir que a xente está descontenta con ese cambio, ¿Como está o expediente da ruína inminente da casa Cuartel das Lamas? ¿Cales son as obras realizadas e cal é o prazo?

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Concelleira de Urbanismo

A sra. Morenza toma a palabra: Agora mesmo temos un presuposto de 16.000 mil euros para levar a cabo a execución do expediente de derribo e temos previsto incluílo nos orzamentos do vindeiro ano para acometelo, canto antes.

O sr. González toma a palabra: Moitas grazas. Última pregunta ¿onde están as nóminas e seguridade social e o IRPF dos Concelleiros do Grupo de Goberno? Que as pedimos xa no seu momento, esixímolos xa.



O sr. Alcalde toma a palabra: Pois insistirémoslle á señora Interventora para que as facilite

O sr. González toma a palabra: Levamos dende agosto

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai que recordarlllo mañá, nin máis nin menos. ¿Algún rogo?

O sr. Fernández toma a palabra: Eu teño dúas preguntas, o pasado 16 de setembro publicáronse unhas bases para a realización dunha bolsa para a contratación dun cociñeiro, entón eu quería saber si é unha bolsa para a substitución ou é unha bolsa para provisión de vacante tal é como poñen as propias bases, ou contradinse entre elas, segundo cantos postos de cociñeiro hai pertencentes ao Concello para ter que unha bolsa de contratación, e se van a ser unhas bolsas de contratación creo que habería que facer un pouquiño máis neste sentido, imos a ver un número de contratación a persoa que queda, en primeiro orde e ten un chamamento, primeiro habería que establecer o orde do chamamento, segundo cando tempo ten que traballar esa persoa para saltar a súa orde na lista, ¿como se van a resolver os desempates?, ¿cando se van a actualizar os méritos?, ¿e a duración das propias bolsas?. Esa é a primeira pregunta e a segunda para participación veciñal, imos a ver teño entendido que se están mandando comunicacións ordinarias ás asociacións, ou polo menos a algunha asociación con acuse de recibo e certificadas, a política de axuste de gasto pois comunicacións ordinarias que non levan consigo, non van vinculadas a ningún expediente administrativo e a parte non se sinalan prazos, entón eu quixera saber si se está facendo así a todas as asociacións. Moitas grazas.

O sr. Núñez toma a palabra: A ver, vou a empezar pola última, o que me estas contando dos acuses de recibo, si me consta que nalgún momento se pode mandar algunha carta con acuse de recibo aínda que penso que en relación coas asociacións quero entender que non é así, por que normalmente estamos en contacto directo cos presidentes e cos secretarios, creo que ti o sabes ben, e creo que non se usa esa “modus operandi”, agora si en algún momento particular se mandou algunha, agora tería que revisalo, agora non o sei exactamente, pero creo que non é o xeito, estamos máis en comunicación por teléfono e persoalmente no día a día máis que nese tipo de cuestións. E con respecto pois ó tema que comentabas para a substitución da cociñeira vou a deixar que sexa Silvia a Secretaría informe un pouco dos trámites legais, pero eu vouche facer un pouco valoración política, é dicir o que solicitamos foi que evidentemente sacar unhas listas para ter persoas para poder substituír en todo caso á cociñeira da Escola Infantil para evitar os gastos que ocasionaron en meses anteriores as baixas desta persoa e que foron a cargo de orzamentos municipais, dos orzamentos que tiña o Partido Popular eran miles de gastos de euros mensualmente en catering, que a nós nos parecía absolutamente absurdo gastar ese diñeiro en catering e darlle aos rapaces mal de comer e gastar un diñeiro absolutamente esaxerado en



miles e miles de euros de catering e iso está nos orzamentos, non sei si Silvia quere comentar algunha cuestión ao respecto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Simplemente aclarar eu que se trata dunha previsión dunhas bases que se sacan coa posibilidade de cubrir unha posible baixa laboral da cociñeira, e poder así prever o que está dicindo o señor Serafín Núñez no sentido de evitar un gasto adicional para o Concello, a través de subministrar a alimentación, as comidas aos cativos e as cativas por medio dun catering. Moitas grazas.

O sr. Fernández toma a palabra: Si é así, se se van a facer unhas bolsas para un único posto, unha proposta sería facela para ocupacións que teñen máis número de traballadores no Concello esa é a pregunta. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Cédolle a palabra á señora Secretaria.

A Secretaria toma a palabra: Vamos a ver, a cuestión é a seguinte, sempre que se produce unha baixa laboral, nós resolvemos tirando do procedemento selectivo, procedemento selectivo para o cal foise, a través do cal foi contratada esa persoa, que é o que ocorre, como estamos a falar da gardería, a gardería é un servizo que se asumiu dende unha xestión indirecta reasumiuse a xestión directa, entón non hai proceso selectivo deses traballadores. O caso é que unhas das fórmulas posibles é facer un procedemento selectivo, e seguir chamando á xente segundo a orde da lista de espera, tirar, porque o que teñen que ter demostrado para cubrir unha baixa por enfermidade, é o mérito e a capacidade como calquera traballador para a administración, polo tanto é unha idea que temos, e por suposto non se vai a actualizar. No resto dos campos vamos a seguir tirando dos procesos selectivos nosos, porque, é dicir, é un pouco estraño intentar facer unha lista de contratación cando precisamente nestes momentos o que menos se move na administración pública é a contratación, entón quizás este non sexa o momento, noutro momento de maior apertura, decidiraos o grupo de goberno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Algunha pregunta ou rogo máis.

O sr. González toma a palabra: O primeiro si se podía solicitar o cambio da sinalización que está na estrada nacional á altura do enlace que queda abaixo na estrada nacional co enlace a Barbadás, á altura do motel Cancún, aí está mal sinalizado, ás veces cando saen os coches, en varias ocasións teño visto xente que sae obedecendo os sinais e ten que pisar a liña continua, e se non se obedecen é un perigo, foi un despiste penso que da rede de estradas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o Concelleiro o señor Rafael Sierra

O sr. Sierra toma a palabra: Con respecto a iso quería comentarlle unha cousa, por certo para que



vexa como funciona a administración do Partido Popular, este Concelleiro que está aquí estiveron pintando esa estrada, aínda antes, cando anduveron botando o asfalto, eu agarrei e xa fixen un escrito e o enviei á Consellería de vías e obras, creo que é, a Consellería de infraestruturas, solicitando iso, veu un técnico da Xunta, enviaron a un técnico, isto foi moi rápido, é dicir, enviaron o técnico da Xunta ó cabo de dous días de meter o escrito, iso díxome que non había problema ningún, ademais me dixo que moitas grazas por facelo antes de pintar eles, o resultado viñeron ese outro día, cando pasei por alí estaba pintado, deixárono como estaba, e iso é o que lle teño que dicir, e senón o escrito está abaixo feito.

O sr. González toma a palabra: Seguirei insistindo na medida do posible, porque é competencia loxicamente deles, e son eles quen o ten que asumir, non é culpa do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós insistiremos en que se sega traballando nesa liña

O sr. González toma a palabra: Tamén un pouco nesa liña, solicitar a sinalización da saída 222 da autoestrada o acceso para Barbadás en xeral non só para Bentraces, non sei se se teñen fixado que está sinalizado nada máis Bentraces e se debería sinalizar, posto que agora podemos vir por aí tamén a Barbadás, e é unha forma de desconxestionar un pouco máis A Valenzá para a xente que non o saiba, non sei se o expliquei ben. Terceiro rogo que é para o señor Alcalde que lle pido que lle diga a verdade ós cidadáns que non teñen ningún outro lugar para o centro de saúde a estas alturas despois de 8 anos na oposición seguen sen telo, entón non había outro mellor, eu non sei se ó mellor, eu non sei se ó mellor cando isto era na época dos romanos e iamos de carballo en carballo saltando se o podía ter, non sei se cando A Valenzá non era A Valenzá se o podería ter, eu o que digo é a realidade que eu vivo cando estamos nesta situación, é esa, por iso achegábase esas solucións, e cuarto rogo que tamén vai un pouco nesa liña, é o que prometeu Democracia no Concello que o cumpra, que déixenos comentar un pouco sobre todo cando se nos insulta aínda que sexa politicamente, que poidamos polo menos explicar cousas que ás veces como fixo antes a miña compañeira Chelo que llo explicou a Fina aclarouse o tema, e a veces son malos entendidos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu vou empezar polo final, cando me dirixín falando de cinismo de cutrería e similares, referíame a unha actuación política, hai moita diferenza en dirixirse persoalmente a alguén a definir unha acción política, e aos feitos me volvo a remitir, cutrerío dende o momento en que o Partido Popular ten que ceder novamente á Xunta de Galicia 1.500 m², porque o terreo era insuficiente, é así, entón o que non ten, non da motivos a un debate, é unha cualificación política, outra cousa é unha descualificación persoal, vostedes xa tiveron as súas dúas quendas de intervención,



e polo tanto non procedía. Dicirlle a verdade ós cidadáns, eu sempre lle dixen a verdade ós cidadáns, e se queren remítome novamente a unha conversa que tiveron hai anos co ex Alcalde, falouse de diversas situacións, punto e final e non se aceptaron, hoxe por hoxe non hai ningún tipo de situación distinta no plan deste Concello, pero dicir que quen fixo o plan deste Concello foron vostedes e quen traballou urbanisticamente neste Concello foron vostedes, e quen deixou especular sistematicamente co chan deste Concello foron vostedes, entón os responsables desta desfeita son vostedes, non hai moito máis que dicir sobre isto, asuman as súas responsabilidades e non boten merda despois sobre os demais grupos políticos, nós estamos cumprindo coa nosa responsabilidade con relación ós veciños e veciñas deste Concello, vostedes asuman a súa, como dixo o señor Serafín Núñez antes, nós traballamos no presente pero para resolver pasadas, iso é o que temos que resolver, pero o pasado existe, e vostedes queren agora enturbialo ou tapalo mediante a proposta de diversas mocións, que intentan capear esas carencias que vostedes demostraron non seu momento, e estou dicindo carencias por non utilizar outros adxectivos, pensan vostedes que con presentar unha moción aquí con relación a accesibilidade sobre o centro de saúde, os veciños e veciñas deste Concello van obviar que vostedes foron os que destinaron o centro de saúde aí, non o esquecen, e grazas a Deus os veciños e veciñas deste Concello sonlle ben intelixentes, sempre o foron e agora tamén, non o esquezan. ¿Non teñen solar?, volvo a dicir porque foron vostedes os que xogaron co urbanismo deste Concello, foron vostedes, nunca se dixo que había solar, pero non tapen as súas vergoñas lanzando néboas contra os demais, porque a súa vergoña está á vista, está alá arriba no cumio da rúa do outeiro, a súa vergoña está aí, nós poñeremos solucións a esa accesibilidade, non se preocupe por iso, e propoñer propostas bastante mellor que as propostas que vostedes fixeron con toda seguridade garántollo, seguramente que si, oxalá o vexa e o vexamos nós tamén e os veciños que están aquí presentes.

O sr. Villanueva toma a palabra (PP): Boas tardes a todos, eu o que digo é que había que tratar era de acender un pouco antes as luces que agora vénsenos a noite antes, e esta rúa, a avenida dos Rosales toda a parte de abaixo está sen luz.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tomamos nota dese rogo, facémonos eco desa suxestión. Queda pechada a sesión.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 21:25 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a



presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL